

**ACORDO do 15 de marzo de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico San Vicente de Noal, no concello de Porto do Son (A Coruña) (expediente IN408A 2021/40). DOG Núm. 58, de 24 de marzo de 2022. Fin prazo para alegacións: 9 de maio de 2022.**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220324/AnuncioG0596-150322-0011\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220324/AnuncioG0596-150322-0011_gl.html)

<http://ceei.xunta.gal/transparencia/parque-eolico/san-vicente-noal>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico San Vicente de Noal (expediente IN408A 2021/40)	Villar Mir Energía, S.L.U. (CIF: B85253888)	Porto do Son (A Coruña)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un (1) aeroxerador modelo Vestas V126, de 2,74 MW de potencia unitaria, con velocidade variable e paso variable, de 126 m de diámetro de rotor e 117 m de altura de buxa.</li> <li>• Un (1) centro de transformación de illamento seco de potencia aparente 4.000 kVA, grupo de conexión Dyn11 e relación de tensión 0,69/20 kV, situado no interior do aeroxerador, coas súas correspondentes celas de protección e saída da liña.</li> <li>• A rede eléctrica de media tensión de 20 kV, de interconexión entre o centro de transformación do aeroxerador e o centro de seccionamento, situado no edificio colector xa existente. Terá dous tramos soterrados de 708,9 m, tipo RHZ1-20L 12/20 kV 1 × 95 Al H+16, un entre o aeroxerador e apoio de paso aero-soterrado nº 1, e outro entre o apoio de paso aero-soterrado nº 12 ata a entrada ao edificio colector, de Al de sección 95 mm<sup>2</sup> e un tramo aéreo de 2.605 m de condutor LA-56.</li> <li>• A rede de terra xeral con condutor de Cu-50 mm<sup>2</sup> tendido ao longo da canalización de media tensión e no fondo dela.</li> <li>• Rede de comunicacións constituída por condutor de fibra óptica.</li> <li>• Un (1) centro de seccionamento situado no edificio colector existente ao cal se conectan os parques eólicos singulares de Porto do Son (IN661A 03/04) e o parque eólico singular da Pobra do Caramiñal (IN661A 18/04). Trátase dun sistema de 20 kV, onde todos os aparellos irán situados en celas metálicas prefabricadas de illamento SF6 formado por:                         <ul style="list-style-type: none"> <li>– Unha (1) cela blindada en posición de liña.</li> <li>– Unha (1) cela blindada en posición de medida con tres (3) transformadores de intensidade con relación de transformación (100-200:5-5A) e tres (3) transformadores de tensión, con relación de transformación (22/√3:0,11/√3:0,11/√3:0,11).</li> <li>– Unha (1) cela blindada en posición de protección con seccionador de liña, seccionador de posta á terra, interruptor SF6 como medio extintor do arco.</li> </ul> </li> <li>• A evacuación da enerxía xerada polo parque eólico San Vicente de Noal realizarase de forma conxunta coa enerxía xerada polo parque eólico singular de Porto do Son (IN661A 03/04) e o parque eólico singular da Pobra do Caramiñal</li> </ul>

		(IN661A 18/04) mediante a LAT de evacuación dos parques eólicos singulares do Barbanza (IN407A 2011/48-1) existente, que pertence aos concellos da Pobra do Caramiñal e Porto do Son.
--	--	---

**Sométese a exposición pública:**

1. O proxecto de execución (xullo 2021-vsdo.19.7.2021).

1.1. Plano xeral do proxecto do parque eólico.

1.2. A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e dereitos afectados polo proxecto (RBDA), que figura nos anexos que se insiren neste acordo.

1.3. Planos individuais dos predios afectados polo proxecto.

2. O estudo de impacto ambiental (EIA) (xullo 2021-asdo.13.10.2021).

3. O proxecto de interese autonómico (PIA) (xullo 2021-vsdo. 21.7.2021).